

A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

José Manuel Chapela Seijo, maior de idade, con DNI 76.805.946E, veciño de Cangas (Pontevedra), con domicilio en As Gruncheiras-Coiro, 62-B, expón:

Que sometido a avaliación ambiental estratéxica o Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia e na miña condición de interesado, dentro do prazo establecido, formulo as seguintes

OBSERVACIÓNS

Dentro das UME que recolle o documento borrador debería de incorporarse, polo tráfico que soporta e polas súas características a AG 4.5 (Vía de Alta Capacidade de Acceso a Cangas), vía que enlaza a estrada Cangas-Vilaboa (PO-535) co Corredor e coa Autovía do Morrazo.

Esta vía atravesa unha zona con una importante ocupación de humana, urbanísticamente integrada, en boa parte da mesma, dentro de solo de núcleo rural, cuio uso predominante na actualidade é o residencial.

No seu entorno sitúanse dous colexios (A Rúa, en Cangas e Tirán, en Moaña) e ademais está prevista (A Rúa) a futura construción dun centro sanitario integral.

Polo exposto

SOLICITO se incorpore a AG 4.5. ao Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia cos efectos a iso inherentes, en especial para determinar si son de aplicar na mesma as medidas contra a contaminación acústica recollidas no Plan.

Cangas, a 3 de xaneiro de 2022



XUNTA
DE GALICIA

Registro Xeral da Xunta de Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entrada 1517 / RX 40090

Data 10/01/2022 17:18:15

